



Concello de Ortigueira

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e sete de agosto de dous mil dezaioito reúnese os membros que a continuación se indican para constituír a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas económico administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación da obra titulada SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (2018-2022)

PRESIDENTE: Dona Vanesa Trevin Pita, Primeira Tenente de Alcalde

VOGAIS.- Don Iago Manuel Bermejo Vargas Secretario Xeral do Concello, dona Yolanda Ares Bao interventora municipal,, don Dámaso Gumersindo Pico Balsa técnico municipal I e don Juan Manuel Cao Garcia, concelleiro delegado de Obras, Servizos e Medio Rural

SECRETARIA: Dona María Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido

Por Secretaría informase que en cumprimento do acordado por esta Mesa o día 19 de xuño de 2018, requiriuse a licitadora **NORPREVENCION SL** para que no prazo de tres días hábiles, contados a partires do recibo do requirimento, e co fin de emendar deficiencias detectadas na documentación presentada para xustificar o cumprimento de reunir os requisitos para resultar adxudicatario do Servizo alleo de prevención de riscos laborais do Concello de Ortigueira (2018-2022) presente no Rexistro Auxiliar da sede electrónica do Concello de Ortigueira, de conformidade co previsto na cláusula XXI no prego de cláusulas administrativas a póliza dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente á data de finalización do prazo para a presentación de ofertas e por un importe de cobertura igual ou superior a 62.000 euros, así como certificado da entidade aseguradora acreditando a súa vixencia. Consta acuse de recibo de dito requirimento pola licitadora de data 14 de agosto de 2018

Con data 14 de agosto de 2018, número de rexistro 2018-E-RE-443, e polo tanto dentro do prazo dos tres días hábiles, a licitadora **NORPREVENCION SL** presenta: Certificado de póliza de responsabilidade civil e xustificante de pago recibo.

Examinada dita documentación, a Mesa de Contratación, estima que dita documentación é correcta e suficiente para a xustificación da solvencia económica financeira, polo que tendo en conta a documentación presentada polo licitador **NORPREVENCION SL** o día 6 de xuño de 2018 e o día 14 de agosto de 2018, por unanimidade, acorda:

DECLARAR que a documentación presentada pola empresa **NORPREVENCION SL** na fase de xustificación dos requisitos para resultar adxudicatario do contrato do **SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA** axustase ao establecido no prego de cláusulas económica administrativas que rexe o procedemento e polo tanto a licitadora xustifica regulamentariamente que reúne os requisitos para ser adxudicataria polo que se propón ao órgano de contratación a adxudicación ao seu favor no prezo de 8.120 euros máis IVE



Concello de Ortigueira

E non habendo máis asuntos que tratar, o presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, do que, como Secretaria da Mesa, certifico

Documento asinado dixitalmente a súa marxe